



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

**Resolución do 23 de novembro de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Foz. ( expediente IN407A 2016/67-2-8376-AT)**

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: Begasa
  - Domicilio Social: parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo
  - Denominación: LMTS, CT A Frouxeira e RBT na avenida Valle Inclán
  - Situación: concello de Foz
  - Características técnicas:
1. Liña de media tensión soterrada a 20 KV consistente en anelar o CT proxectado entre o CT Plaza e o CS Porto Foz, cunha lonxitude de 240 metros en condutor tipo RHZ1-240.
  2. Centro de transformación A Frouxeira en edificio non prefabricado, cunha potencia proxectada de 630 kva e unha potencia instalada de 400 kva, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección, cunha relación de transformación de 20.000/400-230V.
  3. Rede de baixa tensión soterrada do CT A Frouxeira formada por dous circuitos, con orixe no CT A Frouxeira en condutor tipo RV.
  4. Rede de baixa tensión soterrada do CT Plaza, formada por un circuito, con orixe no CT Plaza en condutor tipo RV.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 36/2001, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 23 de novembro de 2016.- Xefa territorial de Lugo, Pilar Fernández López

*Anuncio***Resolución do 25 de novembro de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Vilalba. ( expediente IN407A 2016/72-2-8381-AT)**

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: Begasa
  - Domicilio Social: parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo
  - Denominación: CT Valado
  - Situación: concello de Vilalba
  - Características técnicas:
1. Liña de media tensión aérea a 20 kv con orixe no P47 da liña de media tensión aérea existente Muras 2 e final no centro de transformación intemperie proxectado, cunha lonxitude de 15 metros en condutor tipo LA-56.
  2. Centro de transformación Valado, cunha potencia instalada de 100 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.
  3. Redes de baixa tensión aéreas con orixe no centro de transformación proxectado e final nas redes de baixa tensión existentes, en condutor tipo RZ.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 36/2001, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 25 de novembro de 2016.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 3705

*Anuncio***Resolución do 25 de novembro de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. ( expediente IN407A 2016/69-2-8378-AT)**

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: Begasa
  - Domicilio Social: parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo
  - Denominación: Reforma da LMT Viveiro 3 derivación ao CT 4810 Casanova
  - Situación: concello de Viveiro
  - Características técnicas:
1. Liña de media tensión aérea a 20 kv con orixe no apoio proxectado tipo FL-CH-2500/17 e final no apoio existente tipo C-2000-12, cunha lonxitude de 65 metros en condutor tipo LA-56

2. Liña de media tensión soterrada a 20 kv con orixe no CT proxectado e final nun paso aéreo a soterrado situado no apoio proxectado tipo FL-CH-2500/17, cunha lonxitude de 25 metros en condutor tipo RHZ1-150.
3. Centro de transformación prefabricado tipo Ormaset, cunha potencia proxectada de 630 kva e unha potencia inicial de 160 kva, cunha relación de transformación de 20.000/400-230V.
4. Liña de baixa tensión aérea con orixe no CT proxectado, cunha lonxitude de 171 metros en condutor tipo RZ.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 36/2001, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 25 de novembro de 2016.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 3706

---

### *Anuncio*

**Resolución do 24 de novembro de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica nos concellos de Meira e Riotorto. (Expediente IN407A 2016/90-2-8399-AT).**

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: Begasa
- Domicilio Social: parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo
- Denominación: substitución de apoios LP Puentenuevo/ A39771/A61035/ VANOS 53-54-55
- Situación: concellos de Meira e Riotorto
- Características Técnicas:

1-LMT aérea Puentenuevo a 20 kv con orixe no apoio existente P-53 e final no apoio proxectado P-55, cunha lonxitude de 257 metros en condutor tipo LA-110.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 24 de novembro de 2016.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 3707

---

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**  
**SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO.**

*Anuncio*

**FORMALIZACIÓN**

**1. ENTIDADE ADXUDICADORA:**

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EXP0016SE16-ABO.
- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982260066/982260095.
- g) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org.
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>.

**2. OBXECTO DO CONTRATO:**

- a) Tipo: Servizos.
- b) Descrición: Contratación dos servizos para a realización do mantemento correctivo, adaptativo e evolutivo dos sistemas de información da deputación de lugo para adecualos cos requirimentos da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- c) Prazo de execución: 6 meses
- d) Admisión de prórroga: Non
- e) CPV: 72000000-5 Servizos TI: consultoría, desenvolvemento de software, Internet y apoio

**3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:**

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.
- c) Criterios de adxudicación (ver cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas):

3.c.1. Non avaliábel automaticamente mediante fórmulas matemáticas. Fase 1. As empresas que non acaden a puntuación mínima de 18 puntos na Fase 1 de acordo cos criterios que se establecen de seguido, non continuarán no proceso de valoración:

- i. Plan de proxecto: metodoloxía de xestión de proxecto, ferramentas para a xestión de proxecto, plan de aseguramento da calidade, cronograma e plan de traballo (máximo 10 puntos)
- ii. Enfoque da oferta técnica, metodoloxía, calidade da proposta e adecuación ás necesidades da Deputación provincial de Lugo (máximo 35 puntos)

3.c.2 Avaliábel automaticamente mediante fórmulas matemáticas. Fase 2. Unicamente accederán a Fase 2 do proceso de valoración, as empresas que acadaran a puntuación mínima esixida na Fase 1 (18 puntos):

- i. Oferta económica (máximo 45 puntos)
- ii. Ampliación do prazo de garantía (máximo 10 puntos)

**4. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:**

- a) Importe neto: 60.000,00 euros. I V E ( 21%). Importe total: 72.600,00 euros.

**5. GARANTÍAS ESIXIDAS**

- a) Provisional: Non se esixe.
- b) Definitiva: 5%.

**6. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:**

- a) Data: 11 de novembro do 2016
- b) Contratista: GUADALTEL S.A.
- c) Importe neto: 50.400,00 euros IVE: 21%. Importe total: 60.984,00 euros

d) Data de formalización: 18 de novembro do 2016

En Lugo, a 28 de novembro do 2016. O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de 01-07-2016, O VICEPRESIDENTE, Álvaro Santos Ramos

R. 3703

---

## CONCELLOS

### BARALLA

#### *Anuncio*

Iniciado expediente, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2016 para investigar a titularidade dun terreo sito en Vilartelín, Baralla (Lugo), incluído na parcela de referencia catastral 27036A06600690, de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegación que se estimen pertinentes.

Baralla, 30 de novembro de 2016.- O alcalde, Manuel Jesús González Capón

R. 3708

---

## LÁNCARA

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Lán cara en sesión ordinaria realizada o 30/09/16 acordou aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello. A devandita ordenanza foi exposta ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 11 de outubro sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

### **“ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE LÁNCARA**

#### **CAPÍTULO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

##### **ARTIGO 1. Obxecto**

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, facendo efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico aos servizos públicos municipais.

##### **ARTIGO 2. Ámbito de aplicación**

Esta ordenanza será de aplicación ao Concello e ás entidades de dereito público vinculadas o dependentes deste, e aos cidadáns nas súas relacións coa Administración municipal.

#### **CAPÍTULO 2. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN**

##### **ARTIGO 3. Sistemas de identificación e autenticación**

Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Neste sentido, os cidadáns interesados en realizar a presentación de solicitudes no rexistro electrónico poderán utilizar algún dos sistemas de identificación electrónica:

- a) En todo caso, o DNI electrónico.
- b) Sistemas de firma electrónica avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos. O Concello admitirá todos os certificados recoñecidos incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación" (TSL) establecidos en España, publicada na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
- c) Outros sistemas de sinatura electrónica, como a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a achega de información coñecida por ambas as partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.

### **CAPÍTULO 3. SEDE ELECTRÓNICA**

#### **ARTIGO 4. Sede electrónica**

Créase a sede electrónica do Concello, dispoñible no enderezo URL <https://lancara.sedelectronica.gal>.

Correspóndelle ao Concello a súa titularidade, xestión e administración; a xestión e administración poderán ser encargadas a outras entidades, públicas ou privadas, mediante o oportuno instrumento xurídico.

A sede electrónica deberá ser accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo, poderase interromper, durante o tempo imprescindible, o acceso a ela. A interrupción deberase anunciar na propia sede coa antelación que, de ser o caso, resulte posible. Nos supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe en que se lle comunique tal circunstancia.

A sede electrónica está suxeita aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

#### **ARTIGO 5. Catálogo de procedementos**

Tal e como establece a disposición derradeira terceira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta lei poderán ser exercidos en relación cos procedementos e coas actuacións adaptados a ela. Para estes efectos, o Concello fará público e manterá actualizado o catálogo dos procedementos e actuacións na sede electrónica.

#### **ARTIGO 6. Contido da sede electrónica**

A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable. En todo caso, deberán figurar:

- a) A identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e dos responsables da xestión e dos servizos postos á disposición dos cidadáns nela.
- b) A información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou a información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e das distintas seccións dispoñibles.
- c) O sistema de verificación dos certificados da sede e dos selos electrónicos.
- e) Un acceso ao rexistro electrónico e ás normas de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles desde a sede.
- f) A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.
- g) O inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo Concello.
- h) A relación dos medios electrónicos aos que se refire o artigo 27.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- i) Unha ligazón para a presentación de suxestión e queixas ante os órganos que, en cada caso, resulten competentes.
- l) O acceso, de ser o caso, ao estado de tramitación do expediente, logo da identificación do interesado.
- m) A comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abrangue a sede que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.
- n) A indicación da data e hora oficial.
- ñ) O calendario de días hábiles e inhábiles para os efectos do cómputo de prazos.

#### **ARTIGO 7. Taboleiro de edictos electrónico**

A publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica terá carácter complementario á publicación no taboleiro de anuncios municipal, sen prexuízo de que poida ser substituída pola dita publicación electrónica nos casos en que así se determine.

O Concello garantirá, mediante os instrumentos técnicos pertinentes, o control das datas de publicación dos anuncios ou edictos, co fin de asegurar a constatación para os efectos de cómputos de prazos.

#### **ARTIGO 8. Publicidade activa**

O Concello publicará de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo isto de acordo coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Neste sentido, o Concello publicará:

- Información institucional, organizativa e de planificación.

— Información de relevancia xurídica; isto é, normativa propia, tanto ordenanzas ou regulamentos como ordenanzas fiscais ou calquera outras disposicións de carácter xeral.

— Información económica, orzamentaria e estatística.

#### **ARTIGO 9. Perfil de contratante**

Desde a sede electrónica accederase ao perfil de contratante do Concello, cuxo contido estará axustado ao disposto na normativa de contratación.

### **CAPÍTULO 4. REXISTRO ELECTRÓNICO**

#### **ARTIGO 10. Creación e funcionamento do rexistro electrónico**

Mediante esta ordenanza créase o rexistro electrónico do Concello e das súas entidades de dereito público dependentes, determínase o réxime de funcionamento e establécense os requisitos e condicións aos que se deberá atender na presentación e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por medios electrónicos.

O funcionamento do rexistro electrónico réxese polo establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, nesta ordenanza e, para o non previsto por estes, na normativa de dereito administrativa que lle sexa aplicable.

#### **ARTIGO 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico**

O rexistro electrónico do Concello intégrase no rexistro xeral, garantíndose a interconexión con este.

A presentación de solicitudes, escritos e/ou comunicacións no rexistro electrónico terá os mesmos efectos que a presentación realizada no rexistro físico do órgano administrativo ao que se dirixan.

#### **ARTIGO 12. Funcións do rexistro electrónico**

O rexistro electrónico do Concello cumprirá as seguintes funcións:

- a) A recepción de escritos, solicitudes e comunicacións, así como a anotación do seu asento de entrada.
- b) A expedición de recibos electrónicos acreditativos da presentación dos ditos escritos, solicitudes e comunicacións.
- c) A remisión de comunicacións e notificacións electrónicas, así como a anotación do seu asento de saída.
- d) Calquera outras que se lle atribúan legal ou regulamentariamente.

#### **ARTIGO 13. Responsable do rexistro electrónico**

A responsabilidade da xestión deste rexistro corresponderalle á Alcaldía do Concello.

#### **ARTIGO 14. Acceso ao rexistro electrónico**

O acceso ao rexistro electrónico realizarase a través da sede electrónica deste concello, que se atopa no seguinte enderezo URL: [www.concellodelancara.com](http://www.concellodelancara.com).

#### **ARTIGO 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións**

O rexistro electrónico estará habilitado unicamente para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións respecto dos trámites e procedementos que se relacionen na sede electrónica. Os demais escritos carecerán de efectos xurídicos e non se terán por presentados, circunstancia que se lle comunicará ao interesado por se considera conveniente utilizar calquera das formas de presentación de escritos ante o Concello que prevé o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O rexistro electrónico permitirá a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

O rexistro electrónico rexerese pola data e hora oficiais da sede electrónica.

O rexistro electrónico xerará automaticamente un recibo da presentación realizada, en formato pdf e mediante algún dos sistemas de identificación admitidos, que deberá conter a data e a hora de presentación, o número de entrada do rexistro e a relación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación. A falta de emisión do recibo acreditativo da entrega equivalerá á non recepción do documento, o que deberá poñerse en coñecemento do usuario.

#### **ARTIGO 16. Rexeitamento de solicitudes, escritos e comunicacións**

A Administración municipal poderá rexeitar aqueles documentos electrónicos que se presenten nas seguintes circunstancias:

- a) Que conteñan código malicioso ou un dispositivo susceptible de afectar a integridade ou a seguridade do sistema.
- b) No caso de utilización de documentos normalizados, cando non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando teñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Os documentos adxuntos aos escritos e comunicacións presentados no rexistro electrónico deberán ser lexibles e non defectuosos. Poderanse utilizar os formatos comunmente aceptados que se farán públicos na sede electrónica deste concello.

Nestes casos, o remitente do documento será informado disto, con indicación dos motivos de rexeitamento, así como, cando iso sexa posible, dos medios de emenda de tales deficiencias. Cando o interesado o solicite, remitirase unha xustificación do intento de presentación, que incluírá as circunstancias de rexeitamento.

#### **ARTIGO 17. Cómputo dos prazos**

O rexistro electrónico rexerese, para os efectos de cómputo de prazos, vinculantes tanto para os interesados como para as administracións públicas, pola data e a hora oficiais da sede electrónica, que contará coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

O rexistro electrónico estará á disposición dos seus usuarios as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, con excepción das interrupcións que sexan necesarias por razóns técnicas.

Para os efectos do cómputo do prazo fixado en días hábiles ou naturais, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, deberase atender ao seguinte:

— A entrada de solicitudes, escritos e/ou comunicacións recibidas en días inhábiles entenderase efectuada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para isto, no asento de entrada inscribíranse como data e hora de presentación aquelas nas cales se produciu efectivamente a recepción, e constarán como data e hora de entrada a primeira hora do primeiro día hábil seguinte.

— As solicitudes entenderanse recibidas no prazo establecido se se inicia a transmisión dentro do mesmo día e esta finaliza con éxito. Para os efectos de cómputo de prazos, será válida e producirá efectos xurídicos a data de entrada que se consigne no recibo expedido pola unidade de rexistro.

— Non se dará saída, a través do rexistro electrónico, a ningún escrito ou comunicación en día inhábil.

— Considéranse días inhábiles, para os efectos do rexistro electrónico da Administración municipal, os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais do Estado, da Comunidade Autónoma e polos da capitalidade do municipio. Para estes efectos poderase consultar o calendario publicado na sede electrónica.

#### **CAPÍTULO 5. Notificacións electrónicas**

##### **ARTIGO 18. Condicións xerais das notificacións**

Para que as notificacións administrativas poidan levarse a cabo a través de medios electrónicos, conforme o artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, será preciso que o interesado sinalase ou consentise expresamente o dito medio de notificación como preferente, salvo no caso en que o uso dos medios electrónicos sexa obrigatorio segundo a normativa aplicable.

O consentimento dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionen coa Administración municipal ou para un ou varios trámites, segundo se manifestase.

O interesado poderá, así mesmo, durante a tramitación do procedemento, modificar a forma de comunicarse coa Administración municipal, optando por un medio distinto do inicialmente elixido, ben determinando que se realice a notificación a partir dese intre mediante vía electrónica ou revogando o consentimento de notificación electrónica para que se practique a notificación vía postal, caso en que deberá comunicalo ao órgano competente e indicar un domicilio postal onde practicar as sucesivas notificacións.

Esta modificación comezará a producir efectos respecto das comunicacións que se produzan a partir do día seguinte á súa recepción no rexistro do órgano competente.

##### **ARTIGO 19. Práctica das notificacións electrónicas**

A práctica da notificación electrónica realizarase por comparecencia electrónica.

A notificación por comparecencia electrónica consiste no acceso por parte do interesado, debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente a través da sede electrónica da Administración municipal.

Para que a comparecencia electrónica produza os efectos de notificación, segundo o artigo 28.5 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, requirirase que reúna as seguintes condicións:

— Con carácter previo ao acceso ao seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso do carácter de notificación da actuación administrativa que terá o dito acceso.

— O sistema de información correspondente deixará constancia do dito acceso con indicación da data e hora, momento a partir do cal a notificación entenderase practicada a todos os efectos legais.

O sistema de notificación permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido.

Cando, existindo constancia da posta á disposición, transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de



régime xurídico e do procedemento administrativo común, e normas concordantes, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario comprobren a imposibilidade técnica ou material do acceso.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Entrada en funcionamento da sede electrónica**

Habílitase a Alcaldía-Presidencia para que adopte o acordo de entrada en funcionamento da sede electrónica.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Entrada en funcionamento do rexistro electrónico**

O rexistro electrónico entrará en funcionamento ás cero horas e un segundo do día que se estableza por decreto da alcaldía.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Seguridade**

A seguridade das sedes e rexistros electrónicos, así como a do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, rexeranse polo establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

O Pleno do Concello aprobará a súa política de seguridade, co contido mínimo establecido no artigo 11 do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.

Deberase dar publicidade nas correspondentes sedes electrónicas ás declaracións de conformidade e aos distintivos de seguridade dos que se dispoña.

Deberase realizar unha auditoría regular ordinaria, polo menos, cada dous anos. Cada vez que se produzan modificacións substanciais no sistema de información que poidan repercutir nas medidas de seguridade requiridas, deberase realizar unha auditoría con carácter extraordinario, que determinará a data de cómputo para o cálculo dos dous anos. O informe de auditoría terá o contido establecido no artigo 34.5 do Esquema Nacional de Seguridade.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Protección de datos**

A prestación dos servizos e as relacións xurídicas a través de redes de telecomunicación desenvolveranse conforme o establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, e as disposicións específicas que regulan o tratamento automatizado da información, a propiedade intelectual e os servizos da sociedade da información.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Portelo único da Directiva de Servizos**

O Concello garantirá, dentro do ámbito das súas competencias, que os prestadores de servizos poidan obter a información e formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio a través do portelo único da Directiva de Servizos ([www.eugo.es](http://www.eugo.es)), así como coñecer as resolucións e o resto de comunicacións das autoridades competentes en relación coas súas solicitudes. Con ese obxecto, o Concello impulsará a coordinación para a normalización dos formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Habilitación de desenvolvemento**

Habílitase a Alcaldía-Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións desta ordenanza e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Aplicación das previsións contidas nesta ordenanza**

As previsións contidas nesta ordenanza serán de aplicación tendo en conta o estado de desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas do Concello, que procurará adecuar as súas aplicacións ás solucións dispoñibles en cada momento, sen prexuízo dos períodos de adaptación que sexan necesarios. Cando estas estean dispoñibles, publicarase tal circunstancia na sede electrónica.

**DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor**

Esta ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión do día , publicarase no Boletín Oficial de Lugo, e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

A Pobra de San Xiao, Láncara, 2 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López

R. 3710

---

**MONFORTE DE LEMOS**

*Anuncio*

De conformidade co Acordo alcanzado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 5.12.2016, por medio do presente anuncio faise pública a convocatoria para a licitación do contrato de obras denominado “Separata do

Proxecto da Estación Depuradora de Augas Residuais e Bombeo Saída Río Cabe (1ª fase) da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos”

**1. ENTIDADE ADXUDICADORA.**

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: 020-OBRPA16

**2. OBXECTO DO CONTRATO.**

- a. Descrición do obxecto: Na Separata do Proxecto recollense as obras correspondentes á 1ª fase das obras, e aquelas obras accesorias, como un muro de escollera separador, para facilitar a futura implantación dun novo tanque prefabricado (pranta integral) en paralelo para unha futura ampliación (2ª fase) da E.D.A.R.
- b. División por lotes: Non.
- c. Prazo execución: 3 meses, desde a sinatura da acta de reformulo da obra.
- e. Admisibilidade de prórrogas: Non procede.
- f. CPV: 45232421-9.

**3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.**

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.
- c. Criterios de adxudicación: Pluralidade de criterios (cláusula 13ª do PCAP).

**4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.**

- a. Orzamento base de licitación: Importe neto: 238.000,00.-€. Importe total: 287.980,00.-€
- b. Valor estimado do contrato: 238.000,00.-€.

**5. GARANTÍAS ESIXIDAS.**

- a. Definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído.

**6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.**

- a. Perfil do contratante: [www.concellodemonforte.com](http://www.concellodemonforte.com)
- b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
- c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
- d. Teléfono: 982.402.501 (Exts.-260-262).

**7. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.**

- a. Data límite de presentación: Ata as 14:00 horas do vixesimosexto (26) día natural contados dende o día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP.
- b. Documentación a presentar: A sinalada na cláusula 12ª do PCAP.
- c. Lugar e forma de presentación: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos que non poderá ser posterior ás 14:00 horas e anunciar ao órgano de contratación, no mesmo día, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

**8. APERTURA DE OFERTAS.**

- a. Segundo o establecido na cláusula 15ª do PCA

**9. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA.**

- a. Clasificación (grupo, subgrupo e categoría): Segundo o establecido na cláusula 10.4 do PCAP.

- b. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: Segundo o establecido na cláusula 10.3 e 4 do PCAP.

#### 10. GASTOS DE ANUNCIOS.

- a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario até o límite máximo de 600,00.-€, distribuído en proporción o orzamento base de licitación de cada lote.

Monforte de Lemos, 5 de decembro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3739

#### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN PSICOLOGO/A DO CIM POLO SISTEMA DE CONCURSO – OPOSICIÓN.**

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de decembro de 2016 aprobou as bases que han de rexer a selección urxente como persoal laboral temporal polo sistema de concurso oposición dun psicólogo/a do CIM.

Dende a publicación deste anuncio as bases estarán a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal ( [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días naturais a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio.

Os sucesivos anuncios relacionados coa convocatoria realizáranse no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Monforte de Lemos, 5 de decembro do 2016.- O Alcalde, José Tome Roca

R. 3740

#### **PEDRAFITA DO CEBREIRO**

#### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO 2017.**

Aprobado inicialmente na sesión extraordinaria do Pleno deste Concello celebrada o 7 de decembro de 2016 o orzamento xeral para o exercicio 2017, bases de execución e plantilla con arreglo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 e no artigo 20 do Real Decreto 500/90, exponse ó público na Secretaría do Concello polo prazo de 15 días hábiles co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

De conformidade co acordado adoptado, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

En Pedrafita do Cebreiro, a 07 de decembro de 2016.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3755

#### *Anuncio*

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 05 de decembro de 2016, este Concello vai a proceder á enaxenación dun tractor propiedade deste Concello que a continuación se describe, mediante subasta. O prezo de licitación mínimo é de 19.360 euros:

MAQUINARIA	MARCA	MODELO	MATRÍCULA	COMBUSTIBLE	HORAS	1º MATRICULACION
Tractor	Class	M36	E4424BFJ	Gasoi	5.693	16/07/2008

En consecuencia, comunícaselle a todos os interesados que dispoñen dun prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que presenten as súas solicitudes a dita subasta.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Pedrafita do Cebreiro, a 05 de decembro de 2016.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena

R. 3756

*Anuncio*

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 05 de decembro de 2016, este Concello vai a proceder á enaxenación de maquinaria (Unha desbrozadora de arresre, desbrozadora de brazo e unha cuña quitaneves) propiedade deste Concello que a continuación se describe, mediante subasta. O prezo de licitación mínimo é de 2.500, 4.500, e 3.000 euros respectivamente:

MAQUINARIA	MARCA	MODELO
Desbrozadora de arrastre	Becchio Mandrile	BR 1800
Desbrozadora de brazo	GL1	PE550
Cuña quitaneves	Sicometal	GM1

En consecuencia, comunícaselle a todos os interesados que dispoñen dun prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que presenten as súas solicitudes a dita subasta.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Pedrafita do Cebreiro, a 05 de decembro de 2016.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena

R. 3757

**A POBRA DO BROLLÓN***Anuncio*

Cumprido o trámite de exposición pública das ordenanzas que se indican a continuación sen que se presentase reclamación algunha considéranse definitivamente aprobadas cos textos que figuran a continuación:

**2.05ª.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo****Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

**Artigo 2º.- Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a presentación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos a tódolos inmobles, calquera que sexa o seu estado, calidade, uso ou destino, que se encontren situados na zona de cobertura da mesma, con independencia de se depositan ou non residuos para a súa recollida, e con independencia de que estean ou non ocupados ou utilizados.

Non estarán suxeitos os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado.

Non estarán suxeitos á taxa os inmobles que teñan a condición de solar ou terreo.

Nos lugares, aldeas ou barrios con rúas interiores que non permitan a circulación rodada, e polo tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, os veciños ou propietarios de fincas, trasladarán cos seus propios medios o s residuos sólidos ó contedor máis próximo, de acordo co estipulado na presente ordenanza.

2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, rebos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou nos que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.
3. Non está suxeita á taxa a presentación de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:
  - a) Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
  - b) Recollida de escouras e cinza de calefaccións centrais.
  - c) Recollida de rebos de obras.

**Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.**

- a) Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionistas, arrendatario ou, incluso, de precario.
- b) Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poidan repercutir, se é o caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles beneficiarios do servizo.

**Artigo 4º.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.- Exencións.**

1. Establécese unha bonificación do 90% nas tarifas desta taxa para os edificios que sen estar en ruína teñan a condición de non habitables ou utilizables.
2. Ao abeiro no establecido no art. 24.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozaran de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

Para ter dereito a obtención desta exención, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos.

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de servizo.
- Que o suxeito pasivo estea empadroado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio.

**Artigo 6º.- Cota tributaria.**

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.
2. A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS	TAXA ANUAL
<b>Epígrafe 1º.- Vivendas.</b>	
Por cada vivenda. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas).	29,76€
<b>Epígrafe 2º.- Aloxamentos</b>	
Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos, hostais e demais establecementos de similar natureza (enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis-pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga sempre que excedan de dez prazas).	35,41€
<b>Epígrafe 3º.- Establecementos de alimentación.</b>	
Por cada local ou establecemento	35,41€
<b>Epígrafe 4º.- Establecementos de restauración</b>	
a) Restaurantes	35,41€
b) Cafeterías	35,41€
c) Whisquerías e pubs	35,41€
d) Bares	35,41€
e) Tabernas	35,41€

<b>Epígrafe 5º.- Establecimientos de espectáculos.</b>	
a) Cines e Teatros	35,41€
b) Salas de festas e discotecas	35,41€
c) Salas de bingo	35,41€
<b>Epígrafe 6º.- Outros Locais industriais ou mercantís</b>	
a) Centros oficiais	35,41€
b) Oficinas bancarias	35,41€
c) Grandes almacéns	35,41€
d) Demais locais non expresamente tarifados	35,41€
<b>Epígrafe 7º.- Despachos profesionais</b>	
Por cada despacho. (No suposto de que a oficina ou establecemento estea radicado na mesma vivenda, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do Epígrafe 1º	35,41€

3. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irredutible e corresponden ó período dun ano.
4. A cada unha das cotas sinaladas no paragrafo 2 se lle engadirá en concepto de ecotaxa por tratamento de residuos a cantidade mensual de un euro (1,18€).
5. No exercicio 2011 e sucesivos as tarifas do punto 2 deste artigo e a contía do punto 4 do mesmo se incrementará para cada ano no importe de incremento do I.P:C. correspondente ao período entre o un de xaneiro de o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

#### **Artigo 7º.- Devengo.**

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal da recollida de lixo domiciliaria, en rúas e lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes a taxa.
2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada semestre natural, salvo que o devengo da taxa se producira con posterioridade á devandita data, en tal caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

#### **Artigo 8º.- Declaración e ingreso.**

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro semestre natural que corresponda.
2. Cando se coñeza, sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.
3. O cobro das cotas efectuarase cada seis meses mediante recibo derivado da matrícula.
4. A bonificación establecida no artigo 5º.1 deberá ser solicitada polo interesado quen aportará unha declaración responsable de que a vivenda ou local non dispón de subministro de enerxía eléctrica nin de autoxeración nin de empresa provedora, nin auga potable, sexa esta servida polo concello, empresa privada, de carácter veciñal ou de autoabastecemento (pozos e similares). De rematar a situación de inhabitable, deberá comunicarllo ao concello da Pobra do Brollón

#### **Artigo 9º.- Infraccións e sancións.**

1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Se realizada unha inspección se comproba a falsidade da declaración responsable feita ao abeiro do artigo 8º.4 ou se comproba que existe abastecemento de auga potable ou electricidade, procederá a facturación íntegra do período no que se beneficiou da bonificación cun máximo de catro anos de

acordo coas tarifas íntegras vixentes, e se sancionará ao interesado cun recargo do 50% do importe da liquidación.

#### Disposición final:

A presente Ordenanza Fiscal, foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día trinta de maio de dous mil dezaseis e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### 2.12ª-Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público e industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico.

##### Artigo 1º.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 57 en relación co artigo 20.1.a), ambos do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, este Concello establece o taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións, industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, especificado nas tarifas contidas no artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

##### Artigo 2º.- Obrigados o pagamento.

Están obrigados o pagamento do taxa regulado nesta ordenanza as persoas ou entidades o favor das cales se outorguen as licencias, ou quen se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

##### Artigo 3º.- Contía.

1. A contía do taxa regulado nesta ordenanza será a que figura na seguinte tarifa:

Concepto	Período	Importe	
Por ocupación da vía pública con postos ou casetas de venta, barracas, espectáculos ou atraccións	Por cada día (agás as festas)	1,00€ /m <sup>2</sup> .	
Pola colocación de postos ou casetas de venta, barracas, espectáculos ou atraccións en fincas particulares con acceso dende a vía pública	Por cada día (agás as festas)	0,80€/m <sup>2</sup>	
Pola colocación caldeiros de polbo na vía pública	Días 11 e 25	Mes	70,00€
		Ano	180,00€
	Día 2	Mes	25,00€
		Ano	60,00€
	Domingos festivos e	Mes	70,00€
		Ano	180,00€
Pola colocación caldeiros de polbo en fincas particulares con acceso dende a vía pública	Días 11 e 25	Mes	60,00€
		Ano	150,00€
	Día 2	Mes	20,00€
		Ano	50,00€
	Domingos festivos e	Mes	60,00€
		Ano	150,00€
Venta ambulante	Non dependente dun establecemento da Pobra do Brollón. Anual		180,00€
	Ídem. Se os produtos á venda nos está comercializados por un establecemento no concello.		50,00€

O Concello poderá establecer para determinada temporada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de quioscos, casetas de venta, barracas, teatros, cinematógrafos, circos e outros espectáculos, e adxudicar os devanditos terreos mediante licitación, conforme ás vixentes normas de contratación municipal.

As adxudicacións faranse por temporada concreta, con expresión de data a data e se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó importe no que fora adxudicado.

Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante poxa, enténdense pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non a cabo, polo que non se poderá conceder bonificación algunha por causa das choivas, restricións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra de forza maior.

As instalacións serán montadas e desmontadas no mesmo día no que se realice a actividade.

Se a licenza fose para varios días consecutivos, montaranse o primeiro día e desmontaranse o último.

Por motivos xustificadas se poderá pedir permiso para montar o día anterior e desmontar o seguinte.

Os días de exceso non solicitados devengarán taxa polo 150% da contía diaria correspondente.

#### **Artigo 4º.- Normas de xestión.**

1. As cantidades esixibles conforme á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles polo período de tempo autorizado.
2. Os emprazamentos, instalacións, postos etc., poderán sacarse a licitación pública e o tempo de licitación en concepto de taxa mínimo que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.
  - a) Procederáse con antelación á poxa a formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser poxados, numerando as parcelas que sexan obxecto de licitación e sinalando a súa superficie. Así mesmo indicaranse as parcelas que poidan dedicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, pulperías, bixuterías, etc.
  - b) Se algún concesionario dos aproveitamentos utilizase maior superficie que aquela que lle fora adxudicada en poxa ou autorizada na licenza, satisfará por cada metro cadrado utilizado de mais, o douscentos por cento do importe da puxanza ou licenza, ademais do importe do remate ou da contía fixada pola tarifa respectivamente. O mesmo porcentaxe aplicarase a quen se estableza sen autorización ou nun lugar distinto dos sinalados.
3.
  - a) As persoas ou entidades interesadas na concesión do aproveitamentos regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública, deberán solicitar previamente a correspondente licenza, realizar o depósito previo a que se refire o artigo 6.2 a) seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van a instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.
  - b) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferenzas cas peticións de licencias; se se deran diferenzas notificarase os interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.
  - c) No caso de denegarse as autorizacións os interesados poderán solicitar do Concello a devolución do importe ingresado.
4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se obtivera polos interesados a licenza correspondente, e se abonase a taxa establecida.
5. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza, sen prexuízo das contías que corresponda abonar os interesados.

#### **Artigo 5º.- Obrigación do pagamento.**

1. A obriga de pagamento do taxa regulado nesta ordenanza nace:
  - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.
  - b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.
2. pagamento deste taxa realizarase:
  - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.



Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando elevado a definitivo o concederse a licenza correspondente.

- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas deste taxa, por semestres naturais, nas oficinas da Recadación Municipal, dende o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo.

**Disposición adicional primeira:**

Non obstante o establecido no artigo 3, o alcalde poderá exceptuar do procedemento de licitación a instalación de quioscos ou casetas de venta, asinando un convenio co titular dalgún establecemento do concello dende o que se preste algún outro servizo municipal.

**Disposición adicional segunda:**

Os caldeiros de polbo poderán instalarse no lugar tradicional do campo da feira ou na rúa diante dos locais de hostalería. Calquera outro emprazamento deberá ser especificamente solicitado ao concello. Non poderán, en ningún caso emprazarse na rúa da Peza.

**Disposición transitoria:**

O disposto para a venta ambulante se adiará ata o primeiro día de 2013.

**Disposición final:**

A presente ordenanza foi modificada e aprobada pola Corporación en Pleno o día trinta de maio de dous mil dezaseis, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse dende a mesma data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Pobra do Brollón, 29 de novembro de 2016.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño

R. 3696

---

## QUIROGA

### *Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de febreiro de 2016, adoptou o acordo de aprobación da Ordenanza Municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Quiroga (Lugo),.

Esta ordenanza foi exposta ao público por un período de trinta días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 68, do 23/03/2016, e no taboleiro de edictos do concello. Ao non presentarse reclamacións, elévase a definitivo, abríndose o prazo para solicitude de axudas, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia de Lugo.

Quiroga, a 28 de novembro de 2016.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

### **ORDENANZA REGULADORA DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO NÚCLEO DE QUIROGA**

En desenrolo dos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 27 de Outubro do 2015, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Quiroga (Lugo), Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 - 2016, e en relación ao papel xestor do Concello de Quiroga para a execución do Plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.

#### **1. OBXECTO**

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Quiroga, con cargo aos convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Fomento do Alugueiro de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 - 2016.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 27 de Outubro do 2015.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia, consonte os criterios de selección dispostos no apartado 5 da convocatoria.

#### **2. BENEFICIARIOS**

- a) Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 6.2 e 28.1 do Real Decreto 233/2013.

Os propietarios/as de vivendas, os propietarios/as únicos de edificios de vivendas, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

Ademais os edificios, incluídos nun ámbito, deben contar co correspondente Informe de avaliación do edificio, con anterioridade á formalización da petición da correspondente axuda. Este informe é preciso sempre que sexa necesario segundo a Ordenanza de Inspección Técnica de edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas e o establecido na disposición transitoria primeira, 1 b) da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana e no artigo 21.1.a) do Real Decreto 233/2013.

Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda se distribuirá en proporción ao custo asumido por cada un deles.

Non poderán obter financiamento os beneficiados/as, dentro do ámbito de actuación, das axudas do programa de rehabilitación edificatoria, programa do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.

- b) Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.
- c) As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que cada concello estableza na convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan nesta orde e demais normativa reguladora.

### **3. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

- a) Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se establecen as axudas no punto 4 da convocatoria.
- b) Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Oficina de Rehabilitación Municipal de Ferrol e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.
- g) As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

De acordo co disposto polo artigo 26.1. a/ do Real Decreto 233/2013, é subvencionable a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares establecidos pola normativa vixente.

Poderanse acoller ás axudas as actuacións xa iniciadas pero que non estean finalizadas á data da presentación das solicitudes.

Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custo da redacción de proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, así coma os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas, excluídos impostos, taxas e tributos.

### **5. CRITERIOS DA SELECCIÓN DAS AXUDAS**

O Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e por orde de entrada, seleccionará as actuacións subvencionadas.

### **6. ORZAMENTO PROTEXIDO**

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 26.3 do Real Decreto 233/2013, que non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan.

### **7. CONTÍA DAS SUBVENCIONS**

A contía das subvencións será do 35% do custo das actuacións subvencionables, ás que se refire o punto 6 da convocatoria, e cun máximo de 11.000 euros por vivenda.

## 8. COMPATIBILIDADE

Sen prexuízo do establecido no artigo 28.3 do Real Decreto 233/2012, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta.

## 9. SOLICITUDE DA VISITA TÉCNICA PREVIA

Deberá solicitarse, mediante impreso oficial normalizado, unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas.

Os técnicos da Oficina de Rehabilitación realizarán a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

Para os edificios que xa a teñan feita con anterioridade non é necesario repetila, salvo que a Oficina o considere oportuno.

## 10. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As solicitudes presentaranse en modelo normalizado na oficina de rehabilitación de Quiroga, no rexistro do Concello de Quiroga ou nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Con carácter xeral as solicitudes deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:
  - a) Se o promotor/a é unha persoa física;
    - 1) Fotocopia do documento identificador da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
    - 2) Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervenientes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.
  - b) Se o promotor/a é unha persoa xurídica;
    - 1) Documento acreditativo da constitución da sociedade.
    - 2) Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervenientes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.
  - c) Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais:
    - 1) Documento acreditativo da constitución da comunidade.
    - 2) Documento acreditativo da representación coa que se actúe.
    - 3) Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.
    - 4) Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local.
3. Declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións, onde conste:
  - Que non se atopan incursos nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tal xustificación poderá realizarse mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa e, no seu defecto, mediante declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario público. Esta documentación terá que ser presentada de novo, previamente ao pago da axuda, no caso de non manter a vixencia ou de facerse de forma puntual a través de testemuña xudicial ou declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario público.
  - Das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.
4. Certificados.
  - Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a

administración local, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño. No suposto de que non se dispuxese deste documento no intre da presentación da solicitude de subvención, a certificación deberá de presentarse en todo caso antes da proposta de resolución de concesión da subvención, consonte co disposto polo artigo 11. e) da Lei de subvencións de Galicia e o artigo 14.1.e) da Lei xeral de subvencións.

- Para a xustificación do apartado 5 b) desta convocatoria será necesario aportar os documentos oficiais pertinentes.

5. Documentación das obras e do edificio:

- a) Os edificios incluídos nun ámbito deberán contar co correspondente informe de avaliación, sempre que sexa necesario segundo a Ordenanza de Inspección Técnica de Edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas e demais lexislación que sexa de aplicación.
- b) Proxecto técnico das obras, redactado por técnico competente. Cando as obras a realizar tivesen a condición de obras menores, o proxecto poderá substituírse por unha memoria valorada, redactada por técnico competente, na que figure a descrición das obras a realizar e o seu orzamento por partidas. No proxecto técnico ou memoria valorada deberá de xustificarse o cumprimento da condición esixida de que as obras supoñen a adaptación á normativa vixente.
- c) Cando o importe do orzamento protexible das obras exceda de 50.000 euros, ou de 18.000 euros no suposto de servizos, deberán presentarse como mínimo tres orzamentos, de data anterior á contratación das obras ou servizos, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude. No caso de que non se optase pola oferta económica máis vantaxosa, deberá xustificarse razoadamente, por escrito, a elección realizada.
- d) Para a tramitación da cualificación provisional será necesaria a presentación da licenza ou comunicación previa / declaración responsable, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.
- e) Outros documentos que, se é o caso, o Concello considere necesarios para ditar resolución.

#### 11. SOLICITUDE DE REDACCIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA POLA OFICINA DE REHABILITACIÓN

Os interesados/as poderán solicitar da Oficina Municipal de Rehabilitación, indicándoo na solicitude, a prestación dos servizos de redacción da documentación técnica precisa para obter a licenza de obra menor, e a dirección ou seguimento das obras.

Os proxectos de obra maior, requiren de redacción de proxecto, dirección de obra e dirección de execución material. A Oficina de Rehabilitación excepcionalmente poderá levar a dirección de execución material. Neste caso será obrigatorio abonar os custos dos seguros pertinentes da dirección.

En todo caso, tanto a redacción da documentación para obter a licenza coma a dirección facultativa das obras serán realizadas por técnicos con capacitación profesional e habilitación legal suficientes e axustadas ás características das obras que se deban acometer.

#### 12. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

Poderán presentarse solicitudes no prazo de 6 meses dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

#### 13. PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCÍONS

- a) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida, denegando as solicitudes que non cumpran os requisitos, elaborará unha proposta de cualificación provisional que remitirá a Área Provincial do IGVS de Lugo.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

- b) Execución das obras

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do 30 de novembro do 2016.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de

base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa / declaración responsable, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar ó cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total de axudas solicitadas.

c) Remate das obras e Cualificación Definitiva

Os promotores das actuacións comunicarán o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional por medio da documentación acreditativa da finalización de obra, e en todo caso con data anterior ao 30 de novembro do 2016, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.
3. As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.
4. As facturas cotexadas emitidas pola empresa adxudicataria e xustificación de pagos mediante transferencia bancaria, talón ou calquera outro medio regulado pola Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.

Ademais as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

5. No caso de ser obrigatorio deberá achegarse a certificación enerxética do edificio no que se reflicta unha mellora da cualificación enerxética total do edificio.
6. O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

7. Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

#### 14. PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O abono realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 da convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- a. Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b. En caso de contías inferiores ou iguais a 3000€: declaración xurada do beneficiario de estar ao corrente dos pagos da Seguridade Social e Facenda (Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia e administración local)
- c. En caso de contías superiores a 3000 € : Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social e da Axencia Tributaria Galega. Autorizacións ao Concello para consultar os datos

persoais de estar ao corrente coa administración Tributaria Estatal e Local.

### 15. DENEGACIÓN E REVOGACIÓN DAS SUBVENCIONS

- a. Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- b. Segundo o artigo 13, da Orde do 9 de marzo de 2015, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.
- c. Consonte o artigo 14, da Orde do 9 de marzo de 2015:
  - 1) O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
  - 2) En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
  - 3) Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
  - 4) O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d. Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:
  - 1) Incurrir en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectido no apartado 5 desta convocatoria.
  - 2) Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
  - 3) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
  - 4) A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
  - 5) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
  - 6) Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

### 16. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

As contías máximas das citadas achegas por anualidades, segundo figura no convenio, son as seguintes:

<b>Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Quiroga</b>	
<b>Exercicio</b>	<b>Achega Ministerio de Fomento</b>
ANO 2015	26.997,17 €
ANO 2016	40.052,83 €
<b>TOTAL.....</b>	<b>67.050,00 €</b>

### 17. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Oficina de Rehabilitación do Concello de Quiroga, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

De conformidade co disposto polo artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos

interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

### 18. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a. O Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.
- b. O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 9 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Rexeneración e Renovación Urbanas do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.
- d. A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- e. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- f. A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- g. Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- h. O convenio de colaboración asinado o 5 de setembro de 2014 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas.
- i. Os acordos da Comisión Bilateral celebrada o 27 de Outubro do 2015, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo urbano de Quiroga (Lugo). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 - 2016. Anualidade 2015.
- j. Ordenanza Municipal Reguladora das Axudas á rehabilitación do Núcleo urbano de Quiroga.
- k. Ordenanza de inspección técnica de edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- l. Real Decreto 7/2015, 30 de outubro, texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.

### DISPOSICIÓN FINAL-

A presente Ordenanza entrará en vigor trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia. As súas normas serán o marco da/s convocatoria/s que ao abeiro da normativa de subvencións proceda realizar para levar a cabo o fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas, cofinanciado co Ministerio de Fomento e os particulares que resulten beneficiarios das axudas.

Quiroga a 28 de novembro do 2016.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 3698

---

## SAMOS

### Anuncio

#### Aprobación inicial do Orzamento Xeral do exercizo 2017

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 02/12/2016 o orzamento xeral para o exercicio económico de 2017, bases de execución, e anexo de persoal para dito exercicio, dando cumprimento ao disposto no art.169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, expónse ao público na Secretaría deste Concello, durante un prazo de quince días hábiles –que comezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edito no Boletín Oficial da Provincia–, a fin de que durante o mesmo poidan ser formuladas cantas reclamacións sexan consideradas pertinentes, e que debéran ir dirixidas ó Sr. alcalde-presidente desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado, o orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presenta ningunha reclamación, dispoñendo o Pleno dun prazo dun mes para resolvelas, no caso de que se houberan presentado.

En Samos a 2 de decembro de 2016.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3744

---

**MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

De conformidad con lo establecido en el Art. 164 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico de 11 de abril de 1.986 (B.O.E de 30 de abril) y sus posteriores modificaciones, la Confederación Hidrográfica del Cantábrico ha acordado iniciar de oficio expedientes de extinción del derecho al uso privativo de las aguas por haber expirado el plazo concesional, correspondientes a las concesiones de aprovechamiento de aguas, sobre los que no constan servidumbres, cuyos datos registrales se relacionan a continuación:

EXPEDIENTE	TITULAR	RÍO	MUNICIPIO	CAUDAL (l/seg)	RESOLUCIÓN (Fecha - Autoridad)	Nº INSCRIPCIÓN
A/27/04935	Indalecio Díaz Osorio	Dos Fuentes	Baleira		15/05/1996 CHN	5189

Lo que se hace público a efectos de notificación para general conocimiento, por un plazo de UN MES, contado a partir de la fecha de publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren afectados por la extinción de las referidas concesiones, incluidos los titulares del derecho puedan manifestar lo que consideren conveniente, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Baleira, o bien en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España, nº 2, 33071- Oviedo).

LA TITULADA SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Soledad Acuña Rubio

R. 3734